

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ (SOGAPS) PARA O PROXECTO "INTERVENCIÓN DE EMERXENCIA PARA A MELLORA DA SEGURIDADE ALIMENTARIA NA WILAYA DE DAJLA (CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SAHARAUÍS, ALXERIA)"

COMPARECEN

Dunha parte, D. Diego Calvo Pouso, Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, María Isla Avión, na súa calidade de presidenta da Asociación Solidaredade Galega co Pobo Saharauí con NIF G15924558, asociación sen fin lucrativo e legalmente constituída e inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma co número 2004/007037-1 (SC) e no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento co número 117.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Xunta de Galicia, de acordo co recto exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación exterior e acción humanitaria, vén executando proxectos e programas en países e a poboacións con dificultade na cobertura das necesidades básicas de saúde e alimentación da súa poboación, como é o caso do Sáhara, a través da provisión de fondos que permitan dar resposta e aliviar as situacións críticas que se están a producir.

Segundo.- A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, establece como unha das prioridades da Cooperación Galega o apoio aos países con menor grao de desenvolvemento, en especial aqueles nos que concorran situacións de maior pobreza e desigualdade ou conflitos ou situacións de emerxencia humanitaria. A Cooperación Galega intervirá prioritariamente no ámbito do exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) das persoas e dos colectivos máis pobres e vulnerables. Así mesmo, nos seus diferentes plans directores, a Cooperación Galega considera como prioritaria a atención á poboación saharauí, así como ás actividades destinadas á satisfacción das necesidades sociais básicas, entre as que se atopa a seguridade alimentaria, a saúde e a hixiene.

Así, no V Plan director da cooperación galega 2023-2026, aprobado polo Parlamento de Galicia o día 15 de xuño de 2023, considéranse colectivos prioritarios " A poboación



migrante, refuxiada ou desprazada ou en situación de retorno ou reasentamento por razóns políticas, económicas, sociais ou medioambientais, cunha atención específica aos colectivos máis vulnerables e prioritarios deste Plan Director. Dentro deste grupo, a Cooperación Galega seguirá apoiando singularmente á poboación saharauí e á poboación palestina e aquelas outras afectadas por conflitos armados e crises esquecidas”.

Terceiro.- Que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, órgano superior da Administración autonómica da cooperación para o desenvolvemento consonte o establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, considera axeitado e conveniente o apoio á poboación refuxiada saharauí, en especial na mellora das condicións de saúde, de alimentación e de nutrición.

Cuarto.- A Asociación Solidaredade Galega co Pobo Saharaí (no sucesivo *SOGAPS*) é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins o de propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria co pobo saharauí.

A *SOGAPS* é a principal asociación galega recoñecida polo pobo saharauí e as súas autoridades para a formulación e realización de proxectos nos campamentos de refuxiados e en apoio a súa poboación, e vén colaborando desde hai anos con diferentes iniciativas, entre outras, de garantía da seguridade alimentaria, da nutrición, do apoio ao sistema sanitario de atención primaria.

O presente proxecto responde á situación de emerxencia xerada tras as recentes inundacións sufridas nos campamentos de poboación refuxiada saharauí, especialmente na Wilaya de Dajla. As choivas provocaron danos significativos nos campamentos, afectando a numerosas familias e deteriorando as súas condicións de vida. Como consecuencia directa, produciuse a perda de alimentos básicos e unha interrupción no acceso regular a produtos de primeira necesidade, xerando unha situación de inseguridade alimentaria. Esta situación afecta especialmente aos colectivos máis vulnerables, como nenos e nenas, mulleres embarazadas ou en período de lactación e persoas maiores, que presentan un maior risco de malnutrición.

Ante esta realidade, as autoridades saharauís solicitaron apoio urxente para a provisión de alimentos básicos, esenciais para garantir a alimentación mínima diaria. A actuación levarase a cabo en coordinación coas autoridades locais, priorizando ás familias en situación de maior vulnerabilidade e asegurando unha distribución equitativa dos recursos dispoñibles.

Así, tendo en conta as anteriores consideracións, todas as partes, coincidindo en que a iniciativa obxecto do convenio é de común interese para ambas e harmoniza cos fins dunha e doutra, acordan subscribir o presente convenio de colaboración con subxección a canto se establece nas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a SOGAPS no proxecto "Intervención de emerxencia para a mellora da seguridade alimentaria na Wilaya de Dajla (Campamentos de Refuxiados Saharaús, Alxeria)".

O proxecto ten como obxectivo garantir o acceso a alimentos básicos á poboación refuxiada afectada polas inundacións na Wilaya de Dajla, en resposta á demanda identificada polas autoridades saharauís.

SEGUNDA.- Obrigas da SOGAPS

A SOGAPS deberá:

1. Executar o proxecto referido na cláusula primeira.
2. Aportar 2.500,70 € para a execución do proxecto.
3. Destinar os fondos percibidos ao financiamento desa actuación.
4. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, nas páxinas web oficiais da Xunta de Galicia e nos seus rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia; no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006; e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a SOGAPS comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, ao cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio, e ao sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
6. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.
7. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
8. Xustificar, mediante declaración asinada e previamente ao cobro de calquera dos pagos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. A entidade, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,



autoriza ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

9. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta á acción.

10. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos seus obxectivos, resultados, persoas beneficiarias, reparto entre as partidas orzamentarias establecidas no anexo, lugar e prazo de execución e xustificación. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

TERCEIRA.- Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, aboará a *SOGAPS* a contía máxima de cincuenta mil euros (50.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.07.331A.490.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para 2026. Esta cantidade representa o 95,24% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

A *SOGAPS* poderá recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa consulta á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, pero, en calquera caso, todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura da entidade, quen asumirá os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que, por este concepto, non se poderá exixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

CUARTA.- Pagos anticipados

Tras a sinatura do presente convenio e previa petición da *SOGAPS*, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE concederá un anticipo pola contía máxima do importe da subvención concedida, de acordo co previsto no artigo 94.3.a) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, para afrontar os pagos inmediatos que conleve a execución das actividades deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/200, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



- Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- Xustificación

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Deberán xustificarse a totalidade dos gastos realizados. No caso de non xustificar a totalidade do gasto, o importe da subvención concedida reducirase na mesma proporción na cal se reduza a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado. O prazo máximo para a presentación da mesma é ata o 31 de decembro de 2026.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe que constará de dúas partes:

1ª parte: xustificación técnica, que incluirá:

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos, acompañado da táboa de medición dos Indicadores de Rendición de Contas (IRC), que será proporcionada no momento da xustificación final.
- Unha certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo órgano competente da *SOGAPS*.

2ª parte: xustificación económica, que incluirá:

- Certificación de gastos do proxecto por partidas orzamentarias e na cal se indique as distintas fontes de financiamento, expedida polo órgano competente da *SOGAPS*.
- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Relación de todos os gastos da actividade efectuados indicando: o número de factura ou documento xustificativo (identificando a data e o emisor); a descrición do gasto; a data e forma de pagamento e, cando proceda, o seu importe en moeda local e o seu contravalor en euros.
- Facturas ou outros documentos xustificativos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na



relación a cal se fai referencia no apartado anterior e os seus comprobantes de pagamento.

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que a *SOGAPS* indique, non asumindo a Xunta de Galicia o risco de flutuación no tipo de troco oficial nin os gastos bancarios aos que houbese lugar por ese motivo, dando a orde de transferencia en euros.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras Administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras Administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do proxecto subvencionado.

Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

Con carácter excepcional, nos supostos debidamente xustificadas e motivados poderase aceptar a xustificación do pago en efectivo para importes inferiores a 1.000 €, acompañando xustificante do cobro do provedor, conforme establece o artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Para gastos iguais ou superiores a 1.000 € non poderán aceptarse pagos en efectivo, nin a través de cheque.

SEXTA.- Facultades de inspección

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos, reserva para si a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e dos requisitos con que se concede esta axuda.

SÉTIMA.- Publicidade

A *SOGAPS* obrígase a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) o logotipo oficial da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Cooperación Galega deberá figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade. O logotipo se poderá descargar da páxina web da Cooperación Galega <https://cooperacion.xunta.gal/>



OITAVA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por unha persoa representante da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, designada pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que a presidirá e a que se lle atribúe o voto dirimente; e unha persoa representante da *SOGAPS*, que actuará en calidade de secretaria.

A Comisión de Seguimento ditará as súas propias normas de funcionamento e deberá reunirse cando así o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, que se formalizarán a través das correspondentes addendas.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

NOVENA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Polo incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Pola renuncia da *SOGAPS*.
- e) Polo transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordara a prórroga do mesmo
- f) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, de ser o caso, exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.



DÉCIMA.- Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas autoridades que asinan este convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026. Sen prexuízo do anterior, poderán incluírse as actuacións iniciadas desde o mes de marzo de 2026, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da Comisión de Seguimento, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; as partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO TERCEIRA.- Portal da transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO CUARTA.- Reintegro por incumprimento

Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá reintegrar da totalidade das mesmas no caso de incumprimento pleno, ou da parte



proporcional e no caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DÉCIMO QUINTA. - Devolución voluntaria da subvención

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, con anterioridade ao requirimento previo da Administración, a entidade beneficiaria poderá realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia que corresponda, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a disposición adicional terceira da Lei 1/2023, do 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global.

A entidade beneficiaria deberá presentar, ante o órgano concedente, copia xustificativa da devolución voluntaria realizada na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

DÉCIMO SEXTA. – Protección de datos

Ambas as partes comprométense a cumprir co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo ás persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Os datos persoais proporcionados polas partes á firma do presente convenio incluíranse nos ficheiros, cuxa titularidade corresponde a cada unha das partes. Devanditos datos persoais serán unicamente tratados co fin de posibilitar a execución do presente convenio.

Os datos persoais facilitados á firma do presente convenio poderán ser cedidos a favor dun terceiro sempre que iso sexa necesario para a debida execución ou xestión do obxecto deste convenio e que desempeñe actividades análogas ás descritas no mesmo, previo consentimento por escrito por ambas as partes.

No caso de que unha das partes tivese que acceder a datos de carácter persoal que se atopen en ficheiros cuxo responsable sexa a outra parte, deberá subscribirse, previamente, un contrato de Encargado de Tratamento, en calquera caso, devanditos datos non poderán ser utilizados para finalidades diferentes ás indicadas no contrato.

A transgresión do deber de confidencialidade, así como da obrigaición de non utilizar indebidamente e de non ceder a terceiros de datos de carácter persoal, por calquera das partes ou de calquera dos seus empregados ou colaboradores, será xusta causa de resolución ou rescisión do presente convenio se así o considera oportuno a outra parte, debendo ser a parte non incumpridora resarcida por calquera dano ou prexuízo causado pola parte incumpridora.



Así mesmo, ambas as partes non poderán subcontratar cun terceiro a realización dos compromisos obxecto do presente convenio, cando esta poida implicar o tratamento de datos persoais titularidade da outra parte, salvo que expresamente estoutra parte consintao por escrito.

Ambas as partes garantirán os dereitos das persoas afectadas e adoptarán cantas medidas de seguridade, de índole técnica e organizativa, sexan necesarias para evitar a alteración ou perda dos datos persoais, así como o acceso non autorizado aos mesmos.

O titular de os datos persoais poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento e portabilidade, respecto do tratamento do que cada parte é respectivamente responsable, dirixíndose por escrito indicando "Protección de Datos" e acreditando a súa identidade (fotocopia do DNI do interesado) nas seguintes direccións: para a Xunta de Galicia en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e para SOGAPS en dpo@sogaps.org, comprometéndose en calquera caso cada parte para comunicar á outra as rectificacións ou supresións que procedan respecto dos datos persoais cedidos.

As partes non cederán a terceiros os datos persoais dos asinantes salvo que a lei así o estableza. Así mesmo, os afectados quedan informados de que, se consideran que non se trataron os seus datos persoais de acordo coa normativa de protección de datos, poden contactar co Delegado de Protección de Datos da respectiva parte, se así fóra, nas seguintes direccións: para a Xunta de Galicia en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e para SOGAPS en dpo@sogaps.org Iguamente, poderán presentar unha reclamación ou solicitude relacionada coa protección dos seus datos persoais #ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

DÉCIMO SÉTIMA.- Normativa aplicable

O presente convenio rexerese polo disposto na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, no Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 e demais normativa que sexa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, as partes comparecentes asinan na data que se sinala na sinatura electrónica.





Pola Xunta de Galicia,
o conselleiro
de Presidencia, Xustiza e Deportes

Pola Asociación
Solidaridade Galega co
Pobo Saharaí,
a presidenta

Diego Calvo Pouso

María Isla Avión



ANEXO

OBXECTIVOS E RESULTADOS

Obxectivo Xeral:

Garantir o acceso a alimentos básicos á poboación refuxiada afectada polas inundacións na Wilaya de Dajla, en resposta á demanda identificada polas autoridades saharauís.

Obxectivo Específico:

Asegurar o acceso inmediato a alimentos para as familias afectadas, conforme ás necesidades identificadas polas autoridades locais, previr a malnutrición na poboación vulnerable, así como dar resposta á emerxencia alimentaria detectada na Wilaya de Dajla.

Resultados:

- R1. Entrega de alimentos básicos suficientes para cubrir as necesidades inmediatas, conforme á demanda trasladada polas autoridades saharauís.
- R2. Redución do risco de malnutrición na poboación vulnerable.

Actividades:

- A1. Coordinación co Ministerio de Cooperación da RASD e coas autoridades locais para a planificación e execución do proxecto.
- A2. Adquisición de alimentos básicos necesarios para cubrir as necesidades da poboación afectada.
- A3. Distribución de alimentos ás familias beneficiarias de forma organizada e equitativa.
- A4. Supervisión do proceso de distribución e verificación da correcta entrega da axuda.



FINANCIAMENTO

Partidas	Aportación Xunta de Galicia	Aportación SOGAPS
Bens consumibles	50.000,00 €	2.500,70 €
TOTAL	50.000,00 €	2.500,70 €